



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD DE GALICIA (CERMI-GALICIA) PARA IMPLANTAR UN PROGRAMA DE ASISTENCIA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA COMPRAR NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, Ramón Sestayo Lestón, actuando en nome e representación do Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad de Galicia (CERMI Galicia), na súa calidade de presidente segundo nomeamento efectuado con data do 19 de novembro de 2024.

Os comparecentes, na representación que ostentan, teñen a capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración, na súa virtude,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dispón que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Así mesmo correspóndelle a coordinación e colaboración con organismos, centros e institucións públicas e privadas para o apoio, impulso do sector comercial. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a promoción do sector comercial, neste caso apoiando as actuacións desenvolvidas po CERMI Galicia para implantar un programa de asistencia ás persoas con discapacidade para comprar nos establecementos comerciais.



A Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias dispón no seu artigo 7 que as administracións competentes en materia de consumo velarán de modo especial e prioritario respecto a aqueles colectivos que requiran unha protección especial como persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre outras. Neste senso a consellería velará para que se adopten as medidas necesarias e colaborará con outros entes públicos e privados para que as persoas con discapacidade ou necesidades especiais accedan, en condicións de igualdade que outras persoas, aos establecementos comerciais para mercar os produtos que desexen.

O comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo.

É importante que todas as administracións públicas colaboren coas entidades representativas do sector e contribúan con todos os recursos necesarios á mellora e desenvolvemento do sector comercial para acadar a súa plena concorrencia nun mercado cada vez máis difícil. Deste xeito, o comercio poderá afrontar os retos e superar os obstáculos que se lle presenten habitualmente e que dificultan a súa continuidade, mantendo a súa posición como motores das economías locais e rexionais e do papel xerador de emprego de calidade no sector terciario.

No orzamento de gastos para o exercicio 2025 inclúese a aplicación 14.06.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais", coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais". De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

Os gastos das actuacións obxecto deste convenio son gastos de investimento de carácter inmaterial, que se ben se van realizar neste exercicio, son susceptibles de producir efectos en exercicios futuros, de xeito que a promoción e a publicidade que se faga nun exercicio vai repercutir nas actuacións que se repitan no exercicio seguinte. Neste sentido pódense considerar investimentos a futuro, o que redundaría nun beneficio económico a longo prazo para a comunidade autónoma e para o sector do comercio galego.

SEGUNDO. O Comité español de representantes de personas con discapacidade de Galicia, en adiante, (CERMI-Galicia) é unha entidade non lucrativa e de acción social, unha plataforma de representación, defensa e acción da cidadanía española con discapacidade. Ten por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, e a misión de conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas, entre os que se atopa a implantación dun programa de apoio ás persoas con discapacidade para efectuar a compra nos establecementos comerciais.



CERMI Galicia dispón dos medios materiais e persoais necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento de programas de asistencia ás persoas con discapacidade. En consecuencia é a entidade axeitada para a implantación do programa de compra asistida.

O obxecto deste programa é formar ao persoal de establecementos comerciais para asistir ás persoas con discapacidade nas compras que realicen nos ditos establecementos, facilitando a súa inclusión nas actividades da vida diaria e un trato acorde coas necesidades específicas de cada colectivo. O programa nace como un proxecto piloto trala concienciación da poboación sobre as demandas de asistencia á compra das persoas con discapacidade.

A formación levarase a cabo en diferentes establecementos comerciais no territorio de toda a Comunidade Autónoma de Galicia por un conxunto de profesionais de CERMI Galicia a través de oito das súas entidades asociadas: Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo de Galicia; Confederación Galega de Persoas con Discapacidade; Organización Nacional de Cegos de España en Galicia; Federación Galega de Asociacións de Atención á Parálise Cerebral; Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento de Galicia; Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia; Federación Galega de Dano Cerebral e Asociación de Colaboración e Promoción do Xordo.

Por isto, considérase que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e de acordo co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social, estímase xustificada a non procedencia da concorrència pública, pois CERMI Galicia resulta un axente idóneo pola súa acreditada experiencia no eido da economía social e apoio á integración das persoas con discapacidade para a realización do obxecto deste convenio.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á CERMI-Galicia.

TERCEIRO. Con carácter previo á sinatura deste convenio, a CERMI Galicia acreditou a concorrència ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

A teor do exposto, a confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións polo que, en virtude das competencias que ambas teñen atribuídas, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e CERMI-Galicia para implantar un programa de asistencia ás persoas con discapacidade para comprar nos establecementos comerciais.

SEGUNDA.- Orzamento e financiamento

O orzamento total ascende a trece mil oitocentos cinco euros con sesenta e un céntimos (13.805,61 €), IVE engadido, que achegará integramente a consellería con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.781.1 "Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais" do orzamento de gastos para o ano 2025, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento número 2015.00254 "Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais."

Na execución do presente convenio realizaranse as seguintes actuacións, cos custos e contido que se recollen no anexo e de acordo coa seguinte desagregación:

Actuación 1: formación para a compra asistida	Importe
Docencia	11.011,00 €
Elaboración de material docente (formato dixital)	1.210,00 €
Actuación 2: adaptación dos establecementos	
Material (Roll up, cartelería, distintivos tipo Lanyard)	1.584,61 €
TOTAL	13.805,61

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa da consellería e, por tanto, estará sometida á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para desenvolvemento do obxecto do convenio.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2025.



En concreto, para este convenio, serán subvencionables:

- Os gastos de docencia (honorarios do profesorado, desprazamentos e dietas de manutención).
- Os gastos derivados da elaboración do material docente (guías docentes para a prestación de apoio nos establecementos comerciais en formato pdf.)
- Os gastos que resulten da adaptación dos establecementos nos que se vai a implantar o programa (Roll up, cartelería, distintivos tipo Lanyard).

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

CUARTA.- Obrigas da consellería

A consellería comprométese a librar as achegas que correspondan unha vez que CERMI Galicia presente a correspondente documentación xustificativa e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.

QUINTA.- Obrigas de CERMI Galicia

CERMI-Galicia para poder obter a condición de beneficiario neste convenio, deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En todo caso, quedará suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados neste convenio que fundamentan a concesión da subvención.
- Xustificar ante a consellería, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Comunicar por escrito á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar á consellería o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes mais adecuados á natureza dos investimentos en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Subministrar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SEXTA.- Subcontratación

Permitirase a subcontratación do 100 % das actividades subvencionadas, agás que o impida a natureza das mesmas. A subcontratación regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007 e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que non aporten valor engadido ao seu contido.

SÉTIMA.- Relación con terceiros

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

OITAVA.- Xustificación e pagamento

A data límite para xustificar o investimento será o día 4 de decembro de 2025.



O libramento da achega pola consellería levarase a cabo unha vez que CERMI Galicia achegue á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a xustificación da realización dos obxectivos e fitos alcanzados, que incluírá a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas, os resultados obtidos.

b) Relación certificada de gastos, acompañada da relación nominativa das facturas ou medios de xustificación equivalentes agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas.

As facturas e documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento de acordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) Certificación da entidade da concorrencia ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Certificacións de estar ao corrente a entidade nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A achega da consellería minorarase en porcentaxe no caso de que a CERMI Galicia non xustifique o orzamento total que figura neste convenio.

Por outra banda, CERMI-Galicia queda obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 50 % do importe concedido, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade pola entidade. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co establecido no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación aos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, CERMI-Galicia está exonerada da constitución de garantía.

NOVENA.- *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo das actividades subvencionadas.

DÉCIMA.- *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.



Incumprimento parcial:

Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

Incumprimento total:

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Á CERMI Galicia como beneficiaria da subvención regulada neste convenio, seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- *Modificación*

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente adenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- *Resolución*

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación de aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarse a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo as partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

DÉCIMO QUINTA.- *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión paritaria de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes da consellería e dúas en representación da CORMI Galicia.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.



DÉCIMO SEXTA.- *Vixencia*

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, sen que se preveña a posibilidade de prórroga do mesmo.

Non obstante quedan incluídas todas as accións desenvolvidas dende o 1 de xaneiro de 2025, sempre que se correspondan co obxecto deste convenio.

DÉCIMO SÉTIMA.- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexerá polas súas propias cláusulas e, ademais, polos preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo que a desenvolve, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndenlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Xunta de Galicia
O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

José González Vázquez

Polo Comité Español de Representantes de
Personas con Discapacidade de Galicia (CERMI
Galicia)
O presidente

Ramón Sestayo Lestón

ANEXO

MODALIDADE:

A formación impartirase por oito entidades asociadas a CERMI GALICIA ao persoal de establecementos comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia. Organizaranse 13 cursos cunha duración de 4 horas lectivas que se desenvolverán cunha parte teórica e outra práctica, nunha única xornada, o que suma un total de 52 horas de formación.

ORZAMENTO

Actuación 1: formación para a compra asistida		Importe (IVE engadido)
Docencia*		11.011,00 €
Cursos	Horas/curso	Importe docencia /curso
13	4	847 €
Elaboración de material docente (formato dixital)		1.210,00 €
Total actuación 1		12.221,00 €
Actuación 2: adaptación dos establecementos		
Material (Roll up, cartelería, distintivos tipo Lanyard)		1.584,61 €
Material distintivo establecementos	Roll up	1.452,00 €
	Cartelería	60,01 €
	Distintivos tipo Lanyard	72,60 €
Total actuación 2		1.584,61 €
TOTAL		13.805,61

*Os servizos de docencia non son prestados por persoal de CERMI, senón polo persoal das entidades asociadas. A docencia constitúe, polo tanto, un servizo, non un gasto de persoal para CERMI.

